

# HISTORIAS TRICOLORS

ou de como aqueles animalíños proclamaron a República

Unha proposta unipersoal, a cabalo entre a narración e o teatro, que busca os seus antecedentes escénicos nas actuacións en solitario de Dario Fo e outros cultivadores da xografía da palabra.

Un traballo que combina a experiencia de Cándido Pazó como autor, actor e director teatral coa súa longa e recoñecida traxectoria como contador de historias.

Unha función tan directa, inmediata e de áxil recepción coma o monólogo cómico e o conto tabernario e tan coidada na posta en escena, luz e son coma unha montaxe teatral.

Un texto divertido e emotivo no que o cómico e narrador, desde o humor e a evocación, enfía varias historias nun conxunto dramático que reivindica e homenaxea a memoria de dúas personaxes humildes e anónimas implicadas no atribulado momento histórico que lles tocou vivir.



## CADRO ARTÍSTICO E TÉCNICO

Iluminación	Afonso Castro
Atrezzo	Carlos Portomeñe
Deseño espazo sonoro	Cándido Pazó e Afonso Castro
Colaboración musical	Maria Xosé López e Manuel Riveiro
Deseño gráfico	Alberto Gende
Técnico de luz e son	Afonso Castro
Produción	Belén Pichel

Escrito, deseñado e narrado por Cándido Pazó

Co noso agradecemento a David de Palleiro e Victor Mosqueira pola súa memoria e xenerosidade oral e a David Fuentes e Sergio Lago pola súa colaboración.

## Cándido Pazó

Autor teatral, guionista, director de escena, actor e contador de historias: cómico.

*O Meiro Branco* (Premio Xeración Nós de Teatro Infantil 1989) *Commedia, un xoguete para Goldoni* (Premio Compostela 93, Premio de la Crítica del País Valenciano 1994 e Premio da A.I.T.A. de Alicante 1995), *Nano* (Premio María Casares á Mellor Adaptación 1999, Premio María Casares á Mellor Dirección 1999), *O bululú do linier* (Premio María Casares ao Mellor Texto Orixinal 2000), *Niqui-Naque* (Premio Max 2002), *Bicos con Lingua* (Premio María Casares Mellor Texto Orixinal 2004), *García* (Premio María Casares ao Mellor Texto Orixinal 2005), *Emigrados* (Premio Max 2008) *A piragua* (Premio María Casares ao Mellor Texto Orixinal 2008) son algúns dos espectáculos escritos ou dirixidos por el. En directo ou en radio e televisión, é asiduo dos locais onde se programan todo tipo de espectáculos orais: historias, contos, humor, monólogos, narración... Está presente en numerosos eventos e festivais internacionais de oralidade de España, Portugal, Polonia, Alemaña, Béxica, Suíza, São Tomé e Príncipe, Colombia, Venezuela, Uruguai, Chile, Cuba e Brasil. Seleccionado polo Fórum Barcelona 2004 para facer temporada no seu espazo dedicado á oralidade.